



FAKTORÍA

K

DE LIBROS

Unha familia normal





Titulo orixinal: *Krokodil und Giraffe – Eine ganz normale Familie*

© da edición orixinal: Thienemann Verlag (Thienemann Verlag GmbH), Stuttgart/Wien, 2010

© do texto e das ilustracións: Daniela Kulot, 2010

© da tradución: Carlos Heras, 2011

© desta edición: Kalandraka Editora, 2011

Italia, 37 - 36162 Pontevedra

Tel: 986 860 276

faktoria@faktoriakdelibros.com

www.faktoriakdelibros.com

Faktoria K de libros é un selo editorial de Kalandraka

Impreso en Eujoa, Asturias

Primeira edición: maio, 2011

ISBN: 978-84-15250-08-1

DL: PO 167-2011

Reservados todos os dereitos

DANIELA KULOT

Unha familia normal






Crocodilo é pequeno,
pero ten un gran corazón.



Ela, Xirafa,
é o amor da súa vida.



Están feitos o un para o outro.

Como ela é tan alta e el tan baixiño,
fixeron unha casa a medida.
Ou, mellor dito, unha piscina a medida.
Así a vida é moito máis fácil.


*NA PISCINA PODEN COMER E BEBER XUNTOS.
TAMÉN SE PODEN MIRAR AOS OLLOS SEM PRE QUE QUEIRAN.*



*PARA ACHEGARSE AO VÁTER, A CROCODILO
BÁSTALLE CON NADAR UN POUCO...*



*... E A XIRAFÁ TAMÉN LLE RESULTA
MOI CÓMODO.*



Coma tantas outras parellas que se queren, teñen fillos:




Croquila, unha cría de crocodilo, e Rafolo, un bebé xirafa.
Xuntos, forman unha familia coma calquera outra. Iso si, un pouco especial.




Unha mañá, Xirafa e Crocodilo
estaban preparando o almorzo.









Un pai, unha nai e dous bebés:
unha familia coma outra calquera.

Sempre permanecen unidos,
incluso cando o que semellaba
un tranquilo almorzo,
se torna unha aventura
que nunca esquecerán.

